

# EXCURSIÓN: GALICIA MARIÑEIRA

-Camariñas-Malpica –Sábado 29 de Xuño

## • Fisterra



O topónimo ten orixe latina, de *finis terrae* (fin da terra). Antigamente pensábase que o cabo Fisterra era o punto máis occidental do mundo coñecido, ao veren as lexións romanas o afundimento do sol nas augas do océano Atlántico. A tradición oral mistura lendas de temática relixiosa, marítima e pétrea, como as da ermida de San Guillherme, a Orca Vella, Pedras Santas, Santo Cristo de Fisterra ou a cidade de Dugium. Os peregrinos que fan o camiño de Santiago adoitan rematar aquí a súa viaxe.

Paseo pola vila mariñeira de Camariñas e

xantar concertado no restaurante “Parrilla Bar Rojo”

**Menú: Luras, Carne asada con patacas e ensalada, postre, pan, auga, viño, gaseosa**

## • Muxía

O concello de Muxía ten un importante patrimonio cultural no que podemos sinalar como predominante o patrimonio relixioso de época románica. Mais de entre todos os edificios relixiosos muxiáns o máis coñecido é o santuario da Virxe da Barca por ser punto de peregrinación desde o século XI ou XII, pegreginación que co paso do tempo deu lugar á actual Romaría da Barca que combina celebracións relixiosas e pagás na vila durante os mesmos días.

## • Camelle

Camelle está construído dentro dunha enseada, a mar aberto, cunha praia ao fondo. A parroquia da vila, que venera ao Divino Espírito Santo, posúe a campá do *City of Agra*, naufragado en Arou. Na localidade de Camelle viviu e desenvolveu a súa obra o artista alemán Manfred Gnädinger, máis coñecido como Man, o Alemán de Camelle.

## • Laxe

Visita ao pobo mariñeiro de Laxe que sempre tivo un grande arraigo turístico, debido principalmente á súa praia urbana, converténdose no verán nunha vila alegre e de grande encanto. Laxe é unha vila de gran tradición pesqueira, centrada nas artes da pesca de baixura. Na súa lonxa podemos atopar toda clase de peixes e mariscos do día.

## • Malpica

Visita ao pobo mariñeiro de Malpica do que destacan a paisaxe e a gastronomía abundante en peixes e mariscos, a artesanía do barro coa olería de Buño, as torres medievais e a igrexa románica de Mens. Todo isto fai de Malpica un lugar único en Galicia.

**Prezo: 27€ (todo incluído)**

(Transporte+guía+seguro+xantar+visita)

PROXIMAS EXCURSIÓNS:

- “Costa Vasca” (Santurce, Bilbao...) – Xoves 11,12,13,14 de Xullo (Inscripcións dende o martes 25 de xullo)
- “Galicia Natural” (Illas Ons – Sábado 20 de Xullo (Inscripcións dende o xoves 4 de xullo)